

# BASES LEGAIS “NON VAS PODER CON...”

## BASES LEGAIS

### 1.- COMPAÑÍA ORGANIZADORA

GADISA RETAIL, S.L.U., con domicilio social no Polígono de Piadela s/n de Betanzos, A Coruña, 15.300, levará a cabo un concurso nas súas redes sociais chamado «NON VAS PODER CON...» a través dos perfís oficiais de *Vivamos como Galegos*, que se desenvolverá consonte ao establecido nas presentes bases legais.

### 2. DURACIÓN E ÁMBITO DE APLICACIÓN

O concurso é válido en todo o territorio español. Os premios serán enviados pola empresa Gadisa Retail S.L.U. ao enderezo do Supermercado GADIS ao que se desexe que se realice o envío. A data de comezo do concurso será o 30 de novembro de 2020 ás 11:00 e finaliza o 6 de decembro de 2020 ás 23:59 horas.

### 3. REQUISITOS E MECÁNICA DE PARTICIPACIÓN

Poderán participar nesta promoción das maneiras seguintes aquelas persoas que se atean aos seguintes requisitos:

1. As persoas físicas, maiores de 18 anos, con residencia legal en España, que contén cun perfil de usuario real en Instagram (non serán válidas as «contas concurso»), que sexan seguidoras da conta de Instagram *@vivamos\_galegos*, e que compartan un comentario na publicación do sorteo continuando a frase “Non vas poder con...” e mencionando a un amigo.
2. As persoas físicas, maiores de 18 anos, con residencia legal en España, que contén cun perfil de usuario real en Facebook (non serán válidas as «contas concurso»), que sexan seguidoras da conta de Facebook *@VivamosGalegos*, e que compartan un comentario na publicación do sorteo continuando a frase “Non vas poder con...” e mencionando a un amigo.

3. As persoas físicas, maiores de 18 anos, con residencia legal en España, que conten cun perfil de usuario real en Twitter (non serán válidas as «contas concurso»), que sexan seguidoras da conta de Twitter *@vivamos\_galegos*, e que compartan un comentario na publicación do sorteo continuando a frase “Non vas poder con...” e mencionando a un amigo.

A participación no sorteo supón a cesión e autorización expresa de todos os dereitos de propiedade intelectual e de imaxe sobre as participacións, de maneira que o participante lle cede á empresa Gadisa Retail S.L.U. todos os dereitos de explotación de natureza intelectual, industrial e/ou de imaxe que puidesen corresponderlle polas participacións enviadas para participar no concurso.

#### 4. SORTEO E PREMIOS

Sortearanse un total de **100 packs de 5 mascarillas #QCHDN**, entre todas as persoas que participen.

Os premios serán enviados pola empresa Gadisa Retail S.L.U. ao Supermercado GADIS indicado polo gañador. Tan só se poderá gañar un pack por participante. Este sorteo celebrarase o 7 de decembro de 2020.

Os premios son persoais e intransferibles, non se poderán trocar polo seu valor en metálico nin por outro produto ou servizo distinto. O premio recollerase no supermercado Gadis indicado polos gañadores.

Os premios poden sufrir cambios e, na súa falta, entregaranse outros premios de similar importe. O gañador ten dereito a renunciar ao premio; non obstante, non poderá, en ningún caso, trocalo polo seu valor económico.

#### 5. COMUNICACIÓN DOS GAÑADORES

Entre todos os participantes que cumprisen os requisitos, GADISA RETAIL, S.L.U. sortearanse **100 packs de 5 mascarillas #QCHDN**. Os gañadores deberán poñerse en contacto por mensaxe privada.

No caso de renuncia, imposibilidade de localización ou cando o gañador ou gañadores do premio non cumpran os requisitos de participación, o premio quedará deserto. Os nomes dos gañadores comunicaranse o día 7 de decembro de 2020 nos medios que a empresa considere necesarios.

Se algún dos gañadores non responde antes do 16 de decembro de 2020, o premio quedará deserto e o gañador perderá o seu dereito a reclamálo.

Os gañadores consenten en que o seu nome apareza publicado nos medios que GADISA RETAIL S.L.U. estime con motivo deste concurso. Os

gañadores comprométese formalmente a enviar unha imaxe desfrutando do seu premio para que a dita imaxe poida ser utilizada por GADISA RETAIL S.L.U. para promover os seus concursos en redes sociais. Os usuarios que gañen o seu premio a través da plataforma Instagram deberán subir a fotografía a esta rede social, mencionando e etiquetando o perfil oficial de *@vivamos\_galegos*. Os usuarios que gañen o seu premio a través da plataforma Facebook deberán subir a fotografía a esta rede social, mencionando e etiquetando o perfil oficial de *@VivamosGalegos*. Os usuarios que gañen o seu premio a través da plataforma Twitter deberán subir a fotografía a esta rede social, mencionando e etiquetando o perfil oficial de *@vivamos\_galegos*.

## **6. DESVINCULACIÓN INSTAGRAM, FACEBOOK E TWITTER**

AS plataformaS Instagram, Facebook e Twitter non patrocinan, avalan, nin administran de ningún modo esta promoción nin está asociada a ela. O usuario é consciente de que lle proporciona a súa información á empresa GADISA RETAIL, S.L.U. e non a Instagram, Facebook ou Twitter. A información que proporcione será utilizada para xestionar a participación do concursante e comunicarlle o premio, pasando aquela a formar parte con posterioridade da base de datos da empresa para futuras accións comerciais.

## **7. ACEPTACIÓN DAS BASES**

A simple participación no concurso supón a aceptación das presentes bases, polo que a manifestación no sentido de non aceptación da totalidade ou parte delas significará a exclusión do participante e, como consecuencia, GADISA RETAIL, S.L.U. quedará liberada do cumprimento da obriga contraída co participante.

## **8. RESERVAS E LIMITACIÓNS**

A empresa Gadisa Retail S.L.U. queda eximida de calquera responsabilidade no suposto de que exista algún erro nos datos facilitados polos propios agraciados que impida a súa identificación. Igualmente, non se responsabiliza das posibles perdas, deterioracións, roubos ou calquera outra circunstancia imputable a Correos que poidan afectar ao envío dos premios.

A empresa Gadisa Retail S.L.U. resérvase o dereito de emprender accións xudiciais contra aquelas persoas que realicen calquera tipo de acto susceptible de ser considerado manipulación ou falsificación do concurso.

A empresa Gadisa Retail S.L.U. exclúe calquera responsabilidade por danos e prexuízos de toda natureza que se poidan deber á falta temporal

de dispoñibilidade ou de continuidade do funcionamento dos servizos mediante os que se participa na promoción, á defraudación da utilidade que os usuarios hubieren podido atribuír a estes, e, en particular, aínda que dun modo exclusivo, aos fallos no acceso ás distintas páxinas e envíos de respostas de participación a través de Internet.

A empresa Gadisa Retail S.L.U. resérvase o dereito a efectuar cambios que redunden no bo fin do concurso cando concorra causa xusta ou motivos de forza maior que impidan levalo a cabo na forma en que recollen as presentes bases.

A empresa Gadisa Retail S.L.U. resérvase o dereito a aprazar ou ampliar o período do concurso, así como a facultade de interpretar as presentes bases legais.

Así mesmo, a empresa organizadora quedará exenta de toda responsabilidade se concorrese algún dos casos sinalados, así como de calquera responsabilidade polos danos e prexuízos que se puidesen orixinar mentres se desfruta do premio.

## **9.- PROTECCIÓN DE DATOS**

De conformidade co disposto na lexislación de protección de datos, e concretamente no Regulamento UE 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril, informámolo/a de que os datos de carácter persoal que vostede nos proporcione serán tratados por Gadisa Retail S. L. U. coa finalidade de xestionar o desenvolvemento da presente promoción e a entrega dos premios obtidos.

Os devanditos datos serán incorporados ao ficheiro «vivamos como galegos» e conservados mentres sexa preciso para atender a súa finalidade, ou ata que vostede exercite o seu dereito de cancelación.

Informámolo/a que os seus datos poderán serlles cedidos temporalmente aos nosos establecementos pertencentes a outras empresas do grupo GADISA para meros efectos de identificación e entrega física dos mesmos. Fóra deste suposto, os devanditos datos non lles serán transferidos a terceiras persoas sen o correspondente consentimento, nin fóra dos casos legalmente previstos. Así mesmo, GADISA RETAIL S. L. U. encóntrase lexitimada para o citado tratamento polo consentimento prestado por vostede ao aceptar a cláusula de protección de datos habilitada con ese fin.

Pode exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou supresión, oposición, á limitación do seu tratamento ou á portabilidade de datos dirixíndose a [administrador@vivamoscomogalegos.com](mailto:administrador@vivamoscomogalegos.com) ref «Non vas poder con...», indicando o dereito a exercer e achegando fotocopia do seu DNI. Igualmente, ten vostede dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos.